

Galadusa



Revista do Colexio de Educadores Sociais de Galicia - Nº 2 • Prezo: 1,5 Euros



**Colexio de Educadores
Sociais de Galicia**

Rúa Gómez Ulla, 7 - 3º
15702 Santiago de Compostela
(A Coruña)



secretaria-tecnica@colexioeducadores.com



www.colexioeducadores.com



981 55 22 06



981 93 82 74

*CESG non se fai responsable,
nen ten porqué identificarse
necesariamente coas opinións expresadas
nesta publicación.*

*Prohibida a reprodución total ou parcial
desta publicación. Fotografías e Ilustracións
protexidas pola lei de propiedade intelectual.*

Edita: Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Equipo de Elaboración
da Revista

ÁN XELA PAZ RODRIGUEZ
ANA PAZ RODRIGUEZ
MERCEDES SÁNCHEZ ROMERO
COMISIÓN XESTORA DO CESG

Ilustración portada


CALINA LAVANDEIRA

Ilustracións Interior

ÁN XELA PAZ RODRIGUEZ

Deseño e preimpresión

CORMORÁN
www.prensadigitaldegalicia.com



Galeduso Nº 2

EDITORIAL	3
INVESTIGACIÓN	4
PRÁCTICA PROFESIONAL	8
O CESG INFORMA	13
DE ACTUALIDADE	14
GUIA BÁSICA WEB	15
BARCO DE PAPEL	22
BUZÓN OPINABLE	23

¿CHEGARÁ TAMÉN ESTA VEZ O OLVIDO?

A lei de Calidade, O Prestige...e, o que nos faltaba, agora a guerra. Me pregunto cando vai rematar esta tolerancia.

Hai algún tempo, a propósito do Prestige, lle contaba a uns amigos que por aquí, en Galicia, estamos có corazón cheo de rabia negra, unha rabia densa e asfixiante. A mágoa é que neste país noso todo tende ó olvido.

¡Ah, o gabinete de crises que non lles valeu! Non había remolcadores porque temos desmontados os asteleiros. Non había barreiras de contención porque, se as había, estaban lonxe... No gabinete de crise aínda hoxe non sabemos se houbo o non expertos, tal vez porque cada vez invertemos menos en investigación e os científicos están fora sen poder regresar, aínda que se diga o contrario. Non había recursos porque o goberno central e o autonómico non se puxeron de acordo. Se cadra, trabucabámonos e non se trata dun desastre socioeconómico e ecolóxico senón dunha liorta de patio.

O peor seguimos trabucándonos e a guerra non foi nin é unha guerra, foi unha "presión forte" contra o líder de Irak, unha patraña da oposición para gañar votos, un recurso dos mestres para entrenar os alumnos en revoltas nas rúas baixo ameaza de suspenso...

Mais, o cabo, todo isto é consecuencia do "Neoliberalismo desencarnado" que diría Carneiro¹ trasladado de EEUU a Europa, e vai sendo hora de chamar ás cousas polo seu nome. Para que esquezamos o Prestige fálanse da manida inseguridade cidadán. Para esquecer as consecuencias da guerra exhiben a foto histórica co Presidente dos EEUU, as novas de armas que aínda non sabemos se son tales... E, para desvirtuar as protestas, fálanse da inconsciencia dos mestres... **Temos que voltar os ollos á verdadeira realidade dos acontecementos e construír respostas socioeducativas.**

Cando me pideron que fixera a editorial deste número da nosa revista dubidei. Dubidei porque nestes momentos non podo escribir sobre educación, nin sobre calesqueira outro tema, escondendo a rabia.

Mais non podemos deixar que gañen, non podemos convencernos de que os problemas desaparecen penalizando, castigando e criminalizando a miseria, que diría Wacquant².

Como Carneiro (op. c, 241-245) penso que, como profesionais que somos da educación, correspóndenos denunciar as desigualdades, loitar por unha sociedade máis xusta e solidaria. Votar man da nosa resistencia activa para armar a paz. E esta é unha tarefa cotiá, de pequenas cousas; porque é nas pequenas cousas, no noso pequeno mundo, onde escomezamos a diminuír as desigualdades. Todo o que facemos nese pequeno mundo noso afecta dunha ou outra forma a sociedade global.

Non podemos evadimos, non podemos librar guerras inxustas para esquecer ou evitar os problemas que temos preto. Temos que traballar para poder incluír na nosa sociedade a todas as persoas que hoxe están fora sen posibilidade de respostar as esixencias mínimas do contexto no que viven.

No S. XXI "será unha formación para a xustiza a que permitirá reconstruír o núcleo esencial dunha educación moral das consciencias, que require unha unha cultura cívica non conformista e inimiga da inxustiza e que prepare a unha cidadanía activa na que a responsabilidade de intervención sustitua á simple cidadanía por delegación."³ Se organismos como a ONU e a UNESCO non son capaces de facerse escoitar polos gobernos de Europa e EEUU, terá que ser a cidadanía a que eleve a súa voz unha e outra vez ata conformar a memoria histórica que rescate o olvido.

M^a Soledad Hernández Hernández

1 A revitalización da educación e das comunidades humanas: unha visión da escola socializadora do S. XXI.

En: Informe da Unesco da Comisión Internacional sobre a educación para o S. XXI. Santillana, 1996

2 Loïc Wacquant: Las cárceles de la miseria. Alianza, 1999


3 op. c. px.: 243

Investigación

Dereitos e deberes na Educación Social:

reflexións acerca da necesidade dunha
deontoloxía profesional d@s educador@s sociais

José Antonio Caride Gómez
Catedrático de Pedagogía Social
Universidade de Santiago de Compostela



Entre os ecos cívicos do
"nunca máis" e o "non á guerra"

Sentido do deber e identidade profesional

Nas súas acepcións máis clásicas, a deontoloxía acostuma a presentarse como a "ciencia dos deberes". Así a percibimos en Kant, para quen a natureza correcta ou errada dunha determinada acción humana depende moito máis da obriga- ción ou deber que a impulsa que das súas pro- pias consecuencias. Ou en Jeremy Bentham, quen ó equipara-la á "ciencia da moralidade", lle atribúe o estudo dos deberes que teñen que cumprirse para acadar o ideal do máximo gozo posible dos individuos. Sería precisamente a par-

tir deste autor, superados os anos centrais do século XIX, cando a deontoloxía comenza ser estimada como unha disciplina descritiva e empí- rica, que ten por obxecto determinar os deberes que deben cumprirse en determinadas circuns- tancias sociais, e moi especialmente no desem- peño dunha profesión.

Nesta perspectiva, o *sentido do deber* -indisocia- ble dun código ético e moral que outorgue lexi- timidade á Educación Social e ós educadores sociais nas múltiples tentativas que emprenden para satisfacer os dereitos e necesidades dos cidadáns- constitúe un referente clave para a construción da súa identidade profesional. Máxime cando, como apunta Vilar (2001), moitas das súas iniciativas nos sitúan diante dunha

práctica educativa e social que non define tan só un marco de traballo ou unha forma de especialización académica, senón e sobre todo, unha experiencia emocional, unha esfera de compromisos e responsabilidades, un mundo de valores, unha fonte de contradicións e de sensacións difíciles de racionalizar.

Na opinión de diversos autores, especialmente no ámbito das profesións sociais, isto supón que ademais de coñecer e aplicar "estratexias", "métodos", "técnicas" ou "procedementos" eficaces, exista unha permanente preocupación polo trasfondo político, ideolóxico e axiolóxico das accións e intervencións sociais que se promoven, a teor dos intereses e das finalidades que as motivan. Ao respecto, non debe obviarse que a deontoloxía, aínda que poderá axudar ós profesionais a tomar decisións en situacións ambiguas, complexas ou conflictivas, regulando as súas actitudes e comportamentos, é unha vía privilexiada para "construír un sistema de valores profesionais que orienten as actuacións no marco duns principios morais", como tamén observa Vilar (2000: 282).

Natureza e significados dos códigos deontolóxicos

Coincide esta percepción coa importancia que se ten atribuído ós códigos deontolóxicos na configuración externa e interna dunha determinada profesión, especialmente cando se trata de precisar o seu rol na sociedade, a converxencia ou diverxencia con outros profesionais (por exemplo e no que respecta ós educadores sociais, cos "traballadores sociais", "pedagogos", "psicólogos", "mestres", etc.), a natureza da formación, a autonomía funcional e metodolóxica, etc.; e que, no seu conxunto, semellan coincidir en outorgarlle dúas funcións principais: de un lado, garantir o recoñecemento profesional de quen se vincula o seu quefacer laboral a unha tarefa específica, na que adopta unha serie de principios e deberes que buscan ser coherentes coa labor social asignada; doutro, precisar as esixencias e responsabilidades que emanan da práctica profesional, suxerindo os comportamentos ou orientacións morais que se consideran mais idóneos para pro-

teger ás persoas e ós colectivos que son obxecto e/ou suxeitos desa práctica. Cometido, este último, especialmente relevante para a Educación Social.

En todo caso, para que unha profesión se dote dun código deontolóxico, ou adopte/adapte explícita -ou implicitamente- os códigos que regulan outras profesións afíns, é preciso que someta os seus sinais de identidade a un intenso escrutinio público, mostrando e contrastando a súa praxe no contexto doutras profesións -mesmo no sector do "voluntariado"-, coas que ven a confluír ou a distanciarse nos seus cometidos socio-profesionais. Isto obriga a avaliar, entre outros aspectos, se existe ou non unha formación inicial que a sustente, se hai ou non unha conciencia colectiva da profesión, se goza ou non do recoñecemento de normas de conducta ou de principios que aseguren o seu cumprimento, se existe ou non un consenso mínimo a redor do seus cometidos e aplicacións, se conforma ou non asociacións profesionais, etc. Aspectos que, a cotío, propician unha dobre lectura acerca da súa idoneidade, xa que como subliña Sánchez Vidal (1999: 162) "xunto á xeneralizada impresión de que son necesarios e convenientes, se desliza a crítica, non menos certa e contundente por máis infrecuente, ó seu escaso realismo práctico e á súa tendencia a preservar máis os privilexios dos profesionais que os dereitos dos seus clientes" De aí que sexa habitual distinguir entre os aspectos que teñen un carácter positivo (autorregulación, atribución de responsabilidades, consenso social, etc.) e os que son vistos como negativos (corporativismo, atribución de prestixio ou status social, moralismo, etc.).

Segundo o profesor Pantoja (2002), entre as funcións positivas que cabe presupór na existencia dun código deontolóxico aplicable á Educación Social, poden mencionarse:

- Delimita-los ámbitos de competencia da Educación Social, sen caer no corporativismo e tendo en conta outros profesionais sociais, coas dificultades que supón deslindar campos de acción.
- Aclara-las responsabilidades do educador social respecto a si mesmo, á comunidade

Investigación

onde presta os seus servicios, ás familias, ás empresas que o contratan, á sociedade no seu conxunto.

- Dilucida-las orientacións filosóficas ou idearios xerais que orientan a profesión, sinalando os principios que de xeito ideal deberían ser tidos en conta con carácter permanente.
- Fortalece-lo 'status' da Educación Social e dos seus profesionais, posibilitando que sexa un código público e coñecido pola sociedade e, máis en concreto, polos usuarios ou destinatarios dos servicios educativo-sociais.
- Mellora-la calidade das intervencións, o que supón vincular as súas propostas a unha formación continua e a unha reflexión constante sobre a práctica profesional.
- Protexer ós usuarios ou suxeitos da acción-intervención socioeducativa dos abusos dos profesionais, por exemplo en aspectos que afectan a súa intimidade, á conciencia subxectiva, ás súas crenzas ou principios morais, etc.
- Enumera-las normas mínimas para o exercicio profesional, entre os obxectivos xerais da profesión e a súa filosofía subxacente, e as pautas mínimas destinadas a salvagardar a dignidade e a honra da profesión, da Educación Social e dos seus profesionais, os educadores e as educadoras sociais.

Entre os aspectos negativos ou cuestionables, o profesor Pantoja sinala fundamentalmente tres:

- Funcionar exclusivamente como un elemento decorativo, que lle da prestancia á Educación Social ante as demais profesións e que suscita a consideración e o respecto doutros profesionais, pero sen que os seus efectos transcendan máis alá do escaparate.
- Alimenta-lo corporativismo, defendendo a ultranza "o propio dunha profesión, as súas competencias, para evitar todo tipo de intrusismo".

- Coarta-lo debate público entre os propios profesionais, e entre estes e a sociedade. Cando isto sucede, o código deontolóxico no semella pretender outra cousa que asegurar que os seus profesionais teñan un comportamento "correcto" e dócil, carente de iniciativas e substantivamente ortodoxo; o que, como resulta imaxinable, desvirtúa as calidades emerxentes dunha profesión en vías de construción.

Nesta tesitura non pode pasarse por alto que hai profesións nas que o énfase que se pon nos aspectos corporativos ou privativos da profesión, cuestionan o papel que cumpre a deontoloxía profesional nun determinado espacio social, ó preocuparse moito máis por delimitar, defender e lexitimar a actuación dos profesionais que os compromisos e responsabilidades que adquiren diante dos cidadáns, ós que habitúan a catalogar como meros clientes, pacientes ou destinatarios da súa acción. Por suposto, e á marxe doutras consideracións, o problema non reside só na definición do perfil profesional senón, con bastante frecuencia, no tipoloxía dos modelos, enfoques, paradigmas, etc. ós que recorren e desde os que se reafirman como persoas "técnica e profesionalmente competentes" para desempeñar unha certa labor.

Educar a favor da cidadanía e dunha ética pública

Polo que respecta ós educadores e ás educadoras sociais, as tentativas que se veñen realizando a prol da elaboración dun código deontolóxico da súa profesión, permiten reflectir, hoxe en día, algúns logros, entre os que cabe salientar -pendente aínda de alcanzar un consenso suficiente- a proposta que se xesta en outubro de 1995 na Universidade de Deusto, na que un equipo dirixido polo profesor Luís Pantoja foi dando forma a un esbozo de *código deontolóxico do educador e educadora social* que ten sido difundido e sometido a debate público a través de distintas vías (véxase: Pantoja, 1998; Rodríguez, 1999; Pantoja e Rodríguez, 2001).

No esbozo deste código, como gustan presentalo

os seus autores, recóllense unha serie de principios e normas que deberán recoñecer, sancionar e asumir os propios profesionais da Educación Social, declarando expresamente no que alude á educación, que "o educador social é ante todo e esencialmente educador. Por isto as súas intervencións educativas deben procurar sempre a aproximación directa e humana cara ás persoas coas que traballa, aceptándoas, comprendéndolas e favorecendo nelas aqueles procesos educativos que lles permitan un crecemento persoal positivo e unha inserción crítica na comunidade á que pertencen. Ademais, toda intervención socioeducativa na sociedade en xeral debe ser global abarcando todas as facetas da persoa e sen esquecer a educación en valores como a tolerancia, o respecto, a xustiza, paz, solidariedade, responsabilidade, etc." (Pantoja e Rodríguez, 2001: 94).

A importancia destas aportaciónes e, no seu conxunto, das reflexións que se veñen realizando acerca da ética no quefacer profesional dos educadores sociais, é incuestionable. Con todo, especialmente se o código deontolóxico dunha profesión ten que ser concibido moito mais como un punto de partida que como un punto de chegada, creemos que deberá terse moi en conta a recomendación que fai Jesús Vilar (2000: 292-293) respecto da construción futura dos códigos deontolóxicos, "non tanto desde a profesión de orixe como desde a problemática que se pretende erradicar". Na súa opinión, non será "escabellado pensar, por exemplo, nunha ética da acción social que inclúa a tódolos profesionais que participan nun equipo interdisciplinar en lugar de ter os códigos deontolóxicos do traballador social, do psicólogo social, do educador social, do mestre..."; anque para iso, será imprescindible que "a consolidación das distintas profesións esté asegurada e sexamos capaces de pensar máis no outro -o cidadán a quen se ofrece un saber- que nun mesmo -os profesionais que ofrecen ese servizo".

Temos a convicción de que estamos ante un desafío que mira insistentemente ó futuro. Así se desprende das conclusións derivadas do XV Congreso Mundial da Asociación Internacional

de Educadores Sociais e no III Congreso Estatal do Educador Social, celebrados en Barcelona en xuño de 2001, evidenciando a apertura, pluralidade, participación e transparencia dunha profesión que mantén viva a súa reivindicación por un protagonismo activo na sociedade, a favor da condición cidadán e da ética pública (Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya, 2002). Para iso, concordamos con Carles Armengol (2000) en que será moi importante incidir nunha formación inicial e continuada que actúe como motor de cambio na construción progresiva da cultura e do saber profesional, atenta ó desenvolvemento das persoas e ós importantes retos que emerxen cos novos procesos de cambio social.

Sen dúbida, son temas recorrentes, abertos a diálogos e consensos de longo percorrido.

Referencias bibliográficas

Armengol, C. (2000): "Por una formación motor de cambio en las profesiones de lo social". *Educación Social*, nº 15, pp. 73-85.

Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya (2002): *Ética y calidad en la acción socioeducativa*. CEESC-FEAPES-AIEJI, Barcelona.

Pantoja, L. (1998): "Un esbozo de código deontológico del educador social". *Claves de Educación Social*, nº 4, pp. 41-48.

Pantoja, L. (2002): "Funciones de los códigos deontológicos". En Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya: *Ética y calidad en la acción socioeducativa*. CEESC-FEAPES-AIEJI, Barcelona, pp. 161-175.

Pantoja, L. e Rodríguez, I. (2001): "Un esbozo de código deontológico para educadores sociales: proceso de elaboración y situación actual". *Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa*, nº 17, pp. 88-110.

Rodríguez, I. (1999): "El educador social especializado, ética y profesión". En Ortega, J. (coord.): *Educación Social Especializada*. Ariel, Barcelona, pp. 163-170.

Sánchez Vidal, A. (1999): *Ética de la intervención social*. Paidós, Barcelona.

Vilar, J. (2000): "Deontología y práctica profesional: límites y posibilidades de los códigos deontológico". En *Ars Brevis (Anuario de la Cátedra Ramón Llull de Blanquerna 1999)*. Universitat Ramon Llull, Barcelona, pp. 275-294.

Vilar, J. (2001): "La ética en la práctica cotidiana de las profesiones sociales". *Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa*, nº 17, pp. 10-26.

Práctica Profesional

XENEME

**EMPRESA DE
INICIATIVA SOCIAL"**



A orixe desta empresa poderíase identificar con dúas palabras clave: **ilusión e realidade**.

No ano 1998 acabada de rematar a Diplomatura de Educación Social na Universidade de Santiago de Compostela, atopámonos **4 educadores sociais** perante un mercado laboral complexo e descoñecido.

Nese momento aínda non tiñamos claro cara a onde podíamos ir xa que non coñeciamos ningún referente de iniciativa social. Foi nese ano cando un membro de **XENEME** acudiu a unha formación implementada por unha empresa do País Vasco o que serviu de detonante para comezarmos a nosa andaina empresarial.

Os principais motivos para iniciar o proceso empresarial resúmense en:

- Ter unha xestión autónoma e flexible do noso traballo.
- Independencia laboral e capacidade de toma de decisións sobre o propio traballo.
- Executar un novo formato en Galicia de exercer-la profesión da Educación Social.
- Impulsar a nosa figura como Educadores e Educadoras sociais.
- Crecer a nivel empresarial e individual.

Iniciamos a nosa actividade cun formato organizativo baseado nos coñecementos asociativos pero co paso dos anos e gracias á iniciativa empresarial de tódolos membros de **XENEME** chegamos ó momento actual no que somos un referente, incluso a nivel estatal, como empresa de intervención social.

XENEME NA ACTUALIDADE é unha empresa de servicios Socioeducativos que oferta uns produtos de alta calidade, innovadores, flexibles, eficaces e rendibles.

Dentro da nosa estrutura o traballo coas entidades locais é moi importante, e froito desta circunstancia estamos a levar a cabo Programas de prevención de moito peso e cada vez máis instaurados dentro da propia comunidade como por exemplo **PREVILUGO**, **Planet Club** en Pontedeume, **Dorna: "Embárcate na Saúde"** en Camariñas, etc. Mais non é esta a nosa única linealidade de traballo, tamén estamos afondando e especializando a intervención con profesorado, centros de menores, empresas, etc., en relación a diferentes temáticas como son a resolución de conflitos, o adestramento en habilidades sociais, a prevención de drogodependencias, a educación afectivo sexual...

Posuímos unha serie de características que avalan o noso traballo a nivel técnico e directo e son estes elementos os que consolidan a **XENEME** como unha empresa pioneira dentro do ámbito social galego:

• **METODOLOXÍA**

A metodoloxía empregada está apoiada en **técnicas de traballo cooperativo e de aprendizaxe constructivista, resolución de conflitos, toma de decisións...** Preténdese a adquisición de novos contidos e habilidades a través da

vivencialización e a reflexión individual e grupal.

Dende **XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL** trabállase cuns criterios de coeducación, polo que se establecen **parellas mixtas de traballo**, cun educador e cunha educadora social en tódalas intervencións.

Isto permite unha rendibilidade maior na inversión da organización contratante ó obter un produto de **alta calidade**.

• AVALIACIÓN

XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL considera a avaliación como pedra angular de todo proceso educativo. Por este motivo en tódalas intervencións se establecen tres momentos avaliativos: inicial, continuo e final que se verán reflectidos na **elaboración dun rigoroso informe final**.

Así mesmo, establécense unha serie de **indicadores** avaliativos como son: número de participantes, nivel de participación, análise de expectativas dos/das participantes, motivación do grupo, nivel de adquisición de contidos, calidade das conclusións acadadas e tamén diferentes **instrumentos** de avaliación como fichas avaliativas diarias, test...

• NN.TT. (novas tecnoloxías) APLICADAS Á EDUCACIÓN

Dende o comezo da nosa actividade empresarial intentamos aplicar as NN.TT. á práctica educativa. É por iso que en todas as intervencións se empregan instrumentos de traballo pouco usuais dentro do ámbito social.

A utilización das NN.TT. permite optimizar as intervencións e a interiorización dos contidos a traballar cos destinatarios e destinatarias.

• IMAXE

Vivimos nunha sociedade na que a imaxe e o márketing poden determinar e condicionar o comportamento e a conducta das persoas.

É por isto que dende **XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL** decidimos aplicar o concepto de **MÁRKETING SOCIAL** ó noso traballo. Para isto non só traballamos e concedemos moita importancia á nosa imaxe corporativa, senón que tentamos darlle unha imaxe propia a tódolos programas de intervención como unha forma de que os e as protagonistas de cada acción o sintan como propio, contextualizado e recoñecido pola comunidade.

"COMPROMISO COA EDUCACIÓN SOCIAL"

Dende este colectivo adquirimos un compromiso moi firme coa nosa profesión. Somos educadores e educadoras sociais con capacidades e aptitudes para desenvolver un traballo de calidade no ámbito social.

Promover a nosa figura a tódolos niveis é un dos obxectivos clave da nosa empresa. Por esta razón estamos moi estreitamente relacionados e colaboramos dende os primeiros inicios co *Colexio de Educadores Sociais de Galicia*. A nosa visión de futuro lévanos a considerar que este é un organismo clave que vela polos intereses da nosa profesión e que traballa e traballará de cara unha optimización da visión da Educación Social na nosa Comunidade.

Exercer a nosa profesión de xeito autónomo permítenos afondar na Educación Social como un xeito de vida moi persoal e arraigado. Cremos na nosa realidade e na nosa visión de futuro e aínda que este formato empresarial non é sentido polo contexto galego dende **XENEME Intervención Social** animamos a todos os educadores e educadoras que se embarquen nesta aventura persoal e profesional.

Práctica Profesional

PROGRAMA DE ESPECIALIZACIÓN EN ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL: SISTEMATIZACIÓN DE EXPERIENCIAS COMUNITARIAS.

Por **Álvaro Benavides González.**

Colexio de Educadores Sociais de Galicia.
N.º de Colegiado 3077

La Especialización en Animación Sociocultural ha sido un programa académico de postgrado, realizado por un consorcio de entidades universitarias y de acción ciudadana, todas ellas de larga trayectoria en participación comunitaria; que se pusieron de acuerdo para desarrollar el programa.

La entidad convocante inicial fue la Fundación Universitaria Luis Amigó, vinculada a la Orden eclesiástica de los Terciarios Capuchinos. Además de este programa, también desarrolla los de Contaduría, Psicología, Derecho, Recreación y Tiempo Libre, entre otros programas universitarios. La F. U. Luis Amigó desarrolló el plan general del postgrado y asumió los contenidos correspondientes a Educación social (Una Trabajadora Social y un Sociólogo)

Otra entidad que también ha hecho parte del curso es la Universidad de Antioquia, un centro de formación público, con más de 120 programas de licenciaturas, incluyendo además Segundo y Tercer ciclo de educación Universitaria superior y áreas como Ingenierías, Medicina y Ciencias de la Salud, Ciencias Básicas, Artes, Humanidades, Ciencias Sociales, etc.

El Instituto de Estudios Regionales de la Universidad de Antioquia se encargó de las áreas de Antropología Social y Cultural y de Metodología de la Investigación Social, con énfasis en la Sistematización Participativa de Experiencias Comunitarias (esto mediante un equipo de tres antropólogos).

Y las áreas de Contexto Social y Pedagogía Social fueron desarrolladas por el Instituto Popular de Cultura, IPC. En el IPC han acumulado una larga experiencia en procesos comunitarios, por ejemplo de redes juveniles urbanas, procesos de paz y de promoción de los Derechos Humanos, actividades por las cuales actualmente varios de estos profesores han debido asilarse.

El postgrado se realizó simultáneamente en tres ciudades de Colombia: Medellín, Apartadó y Montería, las cuales presentaban en ese momento una importante dinámica participativa; y de común acuerdo, las entidades participantes asumieron el compromiso en el fortalecimiento de los procesos de paz y de acción ciudadana.

Se estuvo de acuerdo en que el postgrado (especialización) tendría como eje articulador la sistematización de las experiencias de participación comunitaria, lo cual implica los siguientes supuestos:

- Que el centro del programa académico es la práctica, reflexionada y procesada en la perspectiva de ser mejorada en cuanto analizada y asumida críticamente por los mismos actores – protagonistas y analistas de la vivencia.
- Que las otras áreas de formación, como: Técnicas y métodos de Investigación social antropología, contexto, educación social, animación sociocultural y pedagogía social, estarían destinadas a guiar el proceso de análisis de las experiencias a las que los integrantes del postgrado están vinculados.
- Que aunque el objetivo es favorecer la consolidación de procesos empíricos, se valida e impulsa la teorización sobre los procesos mencionados, por eso el producto final es una sistematización de experiencias participativas ¹; una elaboración cercana a lo que en Ciencias Sociales se denomina: Teoría de Segundo Orden ².

Por otra parte, los prerrequisitos para los estudiantes del curso eran los siguientes:

- Los alumnos de la especialización deberían hacer parte directa de procesos comunitarios.
- Que por lo menos algún sector de la población que hubiera hecho parte de los procesos comunitarios estuviera interesado y se comprometiera en el análisis crítico de la experiencia social ya

Práctica Profesional

vivida para mejorarla, enriquecerse con el análisis y compartir el la experiencia vivida y reflexionada sistemáticamente con otras personas y colectivos.

- Que los participantes tuvieran el nivel académico correspondiente a una especialización O sea, una titulación universitaria (este aspecto podía ser negociable en algunos casos excepcionales).

El equipo de profesores se caracterizó, como se mencionó antes, por la experiencia participativa en procesos comunitarios y por su producción conceptual sobre los mismos; Parte del trabajo inicial de los profesores por individual o en algunos casos en grupos, consistió en el diseño de las guías de trabajo y estudio para los cursos.

Estas guías operaban a modo de fichas de trabajo, así que contenían tanto documentos teóricos, como reflexiones hechas a partir del sentir de actores sociales, al igual que cuestionarios mediante los cuales se propiciaba la indagación a los documentos suministrados.

Los profesores se organizaron por grupos de trabajo y había reuniones de coordinación de todos los profesores de la especialización, para discutir los avances y los problemas del programa académico, también para construir unas bases comunes que sirvieran de referente común para la actuación y orientación de los estudiantes.

Tal vez esa fue una de las partes más débiles de la especialización, la que se refiere a la construcción común de conocimiento por parte del grupo de profesores, pues aunque había el estímulo de reuniones pagadas, de 4 a 5 horas cada mes, a menudo almuerzos de trabajo, a menudo las discusiones aunque eran ricas en temas y referencias no cristalizaban en la producción de documentos formales, al modo de manuales o libros.

Desde luego, se plantea que no basta un espacio de cuatro horas cada mes para que un grupo de profesionales produzca un libro sobre las características de los procesos comunitarios, pero quedó la sensación de que en ese sentido era necesario avanzar más, si bien se reconoce la validez del objetivo aunque un poco ambicioso.

Los estudiantes, por su parte, podían sacar gran provecho de la formación académica en general, pero se vio que aquellas personas que estaban más constantemente vinculadas a los procesos y

que hablaban desde ellos eran quienes más podían aportar en la sistematización de las experiencias comunitarias. Frecuentemente tanto las aportaciones en los seminarios como los cuestionamientos que elaboraban tenían mayor concreción y permitían entrever mayores posibilidades de complementación con las vivencias sociales que estaban teniendo en su cotidianidad.

En ocasiones el componente vivencial fue muy rico, pero algunos alumnos procedían de ambientes y procesos poco academizados y a veces claramente enfrentados (al asignarles connotaciones de pedantería y arribismo) y su rechazo o alejamiento con el marco académica se tornaba en obstáculo para el funcionamiento académico de la especialización.

Este desafío, de construir modelos de construcción de saber codo a codo, era un gran desafío pedagógico ya que frecuentemente se trató de una relación entre expertos, de personas del mismo nivel, independientemente del título universitario, pues el énfasis puesto en la reflexión y autoanálisis de las experiencias vividas daban una gran autoridad a los estudiantes. No pocas veces ellos más experiencia en participación comunitaria que los mismos profesores.

Por otra parte, el equipo se había constituido en Medellín, ciudad de mayor especialización administrativa y de la función pública del área, y por lo tanto los profesores debieron estar desplazando a otras ciudades varias veces cada mes. Sin embargo, para subsanar el vacío de una presencia más cercana y continuada en las localidades de las cuales procedían los estudiantes, se consiguió que otros centros y profesionales pudieran hacer tutorías a los estudiantes, además de recurrir a medios como Internet.

Como se dijo antes, el eje articulador de los cursos y de la reflexión teórico-práctica fue el análisis sistemático y participativo de una experiencia comunitaria en la cual es estudiante era tanto analista como participante. Si mayores grados de participación y compromiso con la experiencia comunitaria hacían más rica la experiencia del análisis (Sistematización a secas) también se presentó el caso de profesionales que hacían parte de experiencias comunitarias aunque esta participación se desprendía de su función laboral, por ejemplo, las enfermeras comunitarias y las profesoras que estaban al frente de programas de *Escuelas de Padres* ³.

Práctica Profesional

Pero además de las vinculaciones laborales y los matices de la articulación de los estudiantes de la especialización con las experiencias comunitarias, otros problemas vinieron a derivarse ya no de coyunturas tan específicas, sino de problemas de orden más general; como es el caso de la violencia política y la persecución a procesos comunitarios y a sus líderes específicamente.

Los proyectos de participación de los estudiantes eran muy variados y amplios:

- Proyectos de escuelas de padres
- Programas de prevención de drogadicción
- Programas de convivencia con jóvenes en riesgo de exclusión social
- Programas con jóvenes miembros de bandas o pandillas urbanas
- Cooperativas campesinas
- Cooperativas barriales de producción y mercadeo
- Asociaciones de vecinos para el mejoramiento barrial
- Asociaciones de mujeres... Entre otros.

Los estudiantes de una promoción o cohorte eran aproximadamente 120 en las tres ciudades.

Tanto profesores como estudiantes sufrieron estas condiciones y debieron dejar la especialización, algunos porque las actividades que realizaban, por ejemplo en centros de protección de los Derechos Humanos les hicieron objeto de persecuciones e incluso de atentados y retenciones forzadas (secuestros e intimidaciones), otros porque fueron desaparecidos sin que se volviera a tener noticia de ellos, o fueran posteriormente encontrados torturados y asesinados.

Otras veces, las poblaciones fueron obligadas a desplazarse a causa de los enfrentamientos entre los distintos ejércitos en confrontación, los grupos guerrilleros, los paramilitares ⁴ y el Ejército Nacional; además de grupos de narcotraficantes.

Quienes vivimos este proceso, y otros seguro pueden entenderlo, es arriesgado desarrollar una propuesta de impulso a la participación popular comunitaria justo en medio de una guerra de "Baja Intensidad" que tiene entre algunos de sus objetivos desarticular las formas de expresión reivindicativa de las comunidades. Sin embargo, la creatividad popular es grande y las exigencias de la población tan justas que se crean permanentemente nuevos canales y modos de expresarse y alternativas para confrontar esa realidad colombiana tan ardua.




1 La sistematización se refiere a un proceso de investigación acción, tal como lo definen en el Comité Latinoamericano de Trabajo Social, CELATS. (ver Rosa Quiroz)

2 En Kaplan y Maners. Desarrollo de la Teoría Antropológica.

3 Las escuelas de Padres son programas de articulación entre los centros educativos convencionales y las localidades en las que se encuentran (los barrios, las aldeas, etc) en las cuales se analiza conjuntamente las problemáticas comunes a La Escuela y a la Comunidad, para incidir conjuntamente sobre esos aspectos problemáticos, encontrar soluciones o fortalecer las medidas correctivas o preventivas correspondientes.

4 Los ejércitos regulares paramilitares surgen como la evolución de una iniciativa estatal, las Cooperativas de vigilancia Ciudadana, Convivir. Creadas para hacer apoyo logístico y de inteligencia a las Fuerzas Armadas estatales, pero luego, con el apoyo del gobierno y asesoría de expertos extranjeros se convirtieron en un gran ejército, con orientación política anticomunista, que realiza atroces masacres para romper la articulación que pudiera existir entre los grupos insurrectos y las poblaciones.

CARA A MEDIACIÓN FAMILIAR.



O recoñecemento do educador/a social vinculado aos eidos de traballo relacionados coas familias e súas diversas problemáticas, e o decreto 159/2003, do 31 de Xaneiro publicado no DOG o 18 de febreiro do 2003 no que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares e o recoñecemento da mediación gratuíta nesta comunidade, lévanos a difundir esta información.

A mediación familiar, regulada en Galicia na Lei 4/2001, do 31 de maio (DOG do 18 de xuño), **defínese como unha técnica específica que aplicase en circunstancias críticas para a parella**. (Disolución do matrimonio ou parella de feito, a lei galega recoñece o concepto de parellas estables). É un procedemento extraxudicial e voluntario que tenta ofrecer unha solución pactada a problemática matrimonial ou de parella.

Estas situacións adoita levar aparelado o revivir fortes emocións, xa que abordan temas cruciais para o presente e futuro dos integrantes da familia: a custodia dos fillos, o réxime das visitas, a división da propiedade, etc.

E por iso a importancia de apoiar, cunha técnica concreta, saídas a crises que en algúns casos poden hipotecar o futuro de padres e fillos.

¿Qué é o mediador? .O Mediador é un profesional que atende a ambas partes, axudando a solucionar as diferencias, sen empouner solucións e de forma imparcial e respectando sempre a privacidade.

Son obxectivos da mediación:

- Recomezar ou facilitar a comunicación entre as partes
- Conseguir acordos adaptados a situacións concretas
- Atender as necesidades de cada membro da parella
- Alcanzar acordos que sexan duradeiros.

Debemos recordar que o proceso de mediación non debe nunca confundirse cunha terapia de familia nin con un arbitaxe xudicial, que corresponden a outros perfís profesionais.

No Decreto publicado o 18 de marzo, a Xunta de Galicia establece que o educador social, conxuntamente con outros profesionais, pode desempeñar esta tarefa; sempre é cando realice os tramites para inscribirse no rexistro de mediadores. Para isto, debera reunir o requisito de ter experiencia profesional, tendo que acreditar, durante os dous anos inmediatamente anteriores á realiza-la solicitude, haber desenrolado actividade profesional no eido psico-socio-familiar. Tamén é necesario estar inscrito no Colexio Profesional correspondente .

Nós pensamos que é interesante participar desta posibilidade a nivel laboral, si ben el CESG aposta por:

Propoñer e facilitar a formación específica na **técnica de mediación familiar** a todos os seus colexiados/as.

Por iso tense previsto programar un curso teórico-practico de "**mediación familiar**", xa que, aínda que a lei galega non establece como requisito, ter unha formación específica, nos consideramos imprescindible realizar unha especialización intensiva en dita practica concreta. Nesta formación intentaríase establecer un criterio común sobre a mediación e as técnicas necesarias para manexar conflitos.

Por iso vos animamos a todos/as os/as colexiados/as que estean interesados en desenrolar esta tarefa profesional que o notifiquen no Colexio para poder posteriormente enviar a todos/as futuros mediadores a información sobre a formación en "Mediación familiar", outras novas que vaian xurdindo e poder reservar e organizar o numero de prazas da formación específica.

De Actualidade

Guerra, mentiras e esperanza



XESÚS R. JARES Coordinador de Educadores/as pola Paz-Nova Escola Galega

Como se ten dito a verdade é a primeira vítima das guerras. O exemplo desta inmoral e ilegal guerra de Estados Unidos contra o Iraque non só non é ningunha excepción senón que constitúe un dos exemplos históricos máis claros e didácticos de cinismo a gran escala. Pero de entre todas as mentiras constatadas até o momento hai tres que son especialmente graves. A primeira delas é o intento de facernos creer que esta era unha guerra contra o terrorismo e as conexións de Iraque co terrorismo internacional e que era unha guerra contra as armas de destrución masiva do Sr. Saddam Husein. Os feitos están a ser espectacularmente claros: nin os inspectores da ONU nin Colin Powel puideron demostrar nas sesións do Consello de Seguridade das Nacións Unidas tales acusacións. Pero, ademáis, temos que agradecerlle á administración Bush a súa claridade nas súas intervencións públicas. Así, non teñen ningún reparo en afirmar públicamente que o seu obxectivo é cambiar o réxime de Saddam Husein. Aínda máis, lanzada a guerra e a hipótese de que poidese exiliarse o dictador iraquí como única forma de parar a guerra novamente deixan clara as súas intencións cando afirman que aínda que se exilie Saddam o exército norteamericano entrará en Bagdad. Os feitos demostran, pois, que a principal razón de EE UU para facer esta guerra é tomar o control de Iraque e establecer un goberno títere que sexa fiel aos intereses enerxéticos e xeoestratéxicos norteamericanos.

A segunda gran mentira é dicir que esta guerra conta co respaldo da comunidade internacional. Como a resolución 1.441 non autoriza a guerra, Bush, Blair e Aznar buscaron unha segunda resolución no Consello de seguridade que dese cobertura internacional a esta guerra -xuntanza dos tres presidentes no rancho de Texas-, ao mesmo tempo que lanzaban un reto de credibilidade ás Nacións Unidas nada menos que en función de se aquelas aprobasen ou non esta segunda resolución. Pero esta estratexia fracasa estrepitosamente co posicionamento de Francia, Alemania e Rusia, e tamén con outros países como é o caso de México ou Chile, que non ceden ás presións norteamericanas. É sen dúbida un trunfo da razón que ninguén de nós contaba e que debemos valorar en diferentes direccións.

Diante da evidencia de non ter conseguido os nove votos necesarios no Consello de Seguridade xa nin siquiera presentan esta segunda resolución e adoitan un cambio de rumbo que leva consigo prescindir das Nacións Unidas. Así chegamos a patética cita dos tres presidentes nas illas dos Azores onde a mentira e o cinismo acadan un extremo igualmente impensable. Non só non se reconece o anterior fracaso senón que se bota mán dos países satélites de Estados Unidos para dicir que contan co apoio dunha alianza internacional obviando totalmente a legalidade das Nacións Unidas e facendo a guerra unilateralmente. ¿Onde queda o compromiso do Sr. Aznar e do PP que no seu folleto distribuído masivamente en España se comprometían a respetar as resolucións das Nacións Unidas?

A terceira gran mentira é dobre e ten como protagonista estelar ao Sr. Aznar. Dunha banda cando afirmou que España non enviaría soldados á zona e por outra cando sinala que os soldados españois están de camiño cara o Golfo en misión humanitaria. Unha misión humanitaria é por definición neutral, imparcial e non armada. A intervención do exército español non cumpre ningún dos requisitos sinalados senón que vai a prestar apoio loxístico a unha das partes en conflito, tal como se está a facer desde o uso das bases norteamericanas en España e o ceo aéreo español.

Pero a pesar desta política de guerra e mentiras que ofende a nosa intelixencia e os nosos sentimentos hai razóns fundadas para a esperanza. En efecto, cando a pesar do control da maior parte dos medios de comunicación públicos e privados utilizados con fins de deseducar á opinión pública nos valores dunha cultura de paz, cando se utilizan estratexias de intimidación desde a administración con determinados sectores profesionais que apoian a paz e polo tanto contrarios á guerra _aí está a famosa Circular da Consellería de educación intimidando e coartando a liberdade de expresión e de cátedra, da que nos ocuparemos nun próximo artigo-, cando assistimos atónitos ao proceso continuado de institucionalización da mentira como práctica rutinaria e perversa da política, cando a pesar, digo, deste tipo de estratexias se producen as históricas manifestacións do 15 de febreiro, do 15 do 22 de marzo, e as que se están a producir espontaneamente nestes días de guerra, xunto a outro tipo e medidas, hai razóns fundadas para a esperanza, aínda que a paisaxe esté teñida de tonalidades turbulentas e ameazadoras. Esperanza que reivindicamos como necesidade vital e como valor, e, en consecuencia, como guía de vida diante do discurso dos ideólogos do conservadurismo que falan da imposibilidade do cambio, do fin da historia, do choque de civilizacións ou da inevitabilidade da guerra. Esperanza que nos ilumina a vida e o futuro, aínda que incerto.

Agradecemos ó profesor D. Xesús R. Jares reproducir na nosa revista o artigo que publicou o pasado 26 de marzo no xornal Faro de Vigo. É unha testemuña máis da súa labor a favor da cultura da paz

GUIA BÁSICA DE RECURSOS EDUCATIVOS NA WEB

M^a José Fernández Barreiro

INTRODUCCIÓN

En tan só uns poucos anos, o mundo das novas tecnoloxías está a transformar de maneira decisiva os mecanismos de traballo, aprendizaxe e relación social.

Isto, máis ca unha ameaza como algúns pretenden, representa unha importante oportunidade para o mundo da educación, que non pode nin debe manter-se á marxe destas novidades tecnolóxicas.

Internet representa a meirande acumulación de información da que se pode dispoñer de forma rápida y sinxela. Pero a rede non é só un lugar onde se alberga gran cantidade de datos, senón tamén un mundo virtual que permite a comunicación e a interacción participativa. Aproveitar estas ventanzas e novidades está na nosa man.

Na actualidade existe toda una rede de portais adicados á educación, redes de comunicación, foros de discusión etc. que nos permiten crear unha gran comunidade virtual encamiñada á mellora dos nosos coñecementos, á creación de proxectos, etc.

Na rede podemos ampliar a nosa formación, coñecer expertos e colegas cos que debatir e enriquecemos, pero tamén podemos atopar gran cantidade de recursos para utilizar na nosa práctica educativa: animación sociocultural, educación de adultos, marxinación e minorías, educación en valores....

Coa presente guía pretendemos ofrecervos un pequeno directorio con enlaces que vos podan ser útiles e interesantes.

Non pretendemos realizar un análise exhaustivo de todo o que hay na rede (sería de tolos) pero si ofrecervos direccións interesantes e enriquecedoras que vos aportarán información relevante e poden servirvos como porta de acceso a outras moitas páginas que vos poidan interesar.

Nesta entrega daremos un repaso xenérico ao mundo da educación na rede: Portais educativos, revistas e publicacións on-line, proxectos educativos e xogos educativos en rede, organismos relacionados co mundo da educación, etc.

Nunha próxima edición trasladaremosvos unha guía con enlaces máis específicos sobre a educación social e as suas áreas: animación sociocultural, educación de adultos, marxinación, diversos colectivos sociais, n.e.e., educación en valores, etc.

Dentro deste marco mostraremos direccións de portais educativos, guías de recursos, publicacións, outros recursos, etc., tratanto ante todo dar una visión xeral do panorama.

Esperamos que esta pequena aportación do Colexio vos sexa de moita utilidade.

PORTAIS EDUCATIVOS XENÉRICOS.



Contenidos.com

Páxina na que podemos atopar diversos proxectos educativos, xogos educativos para rapaces e mozos, información sobre diversas áreas educativas, etc.
www.contenidos.com

Educar

El portal latino de la educación.
 Recursos para a educación en xeral.
www.educar.org



Educaterra.

Portal de recursos educativos de Terra.com. Permite acceder a diversos cursos on line, tanto de pago como gratuitos.
www.educaterra.com/

Edugaliza.

Portal educativo sobre o ensino galego.
www.edugaliza.org/



Edualter

Rede de recursos para a paz, o desenvolvemento e a interculturalidade.
www.pangea.org/edualter/

Habla Europa.

Web educativa para mozos e educadores de toda europa.
www.quipo.it/parlaeuropa/homesp.html



Portal da Unión Europea

Adicado ao e-learning (educación on-line) que pretende servir para difundir as mellores prácticas de utilización das Novas Tecnoloxías da Comunicación no ámbito do ensino.
www.elearningeuropa.info/index.php

QuadernsDigitals.

Portal sobre educación e novas tecnoloxías.
www.quadernsdigitals.net



PORTAIS SOBRE EDUCACIÓN SOCIAL

AIEJI

Portal de la Asociación Internacional de Educadores Sociales
www.aieji.org



Colexio de Educadores Sociais de Cataluña

Páxina oficial do colexio
www.ceesc.es

Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Páxina oficial do colexio
www.colexioeducadores.com




Educación Social.

Páxina personal sobre educación social.
<http://usuarios.lycos.es/marccioni/>



◀ Educador Social

Páxina persoal adicada á educación social.
http://inicia.es/de/educador_social/




◀ La Isla Encantada.

Páxina adicada á educación social.
www.iespana.es/educacionsocial/

▶ Eduso.

Portal da Educación Social.
Na sección "Red Eduso" atópanse información e enlaces ás distintas asociacións de educación social en España.
www.eduso.net



▶ Proyecto Aureola.

Proxecto educativo sobre educación social con diversos recursos.
<http://aureola.tripod.cl/aureola/>



GUÍAS DE RECURSOS SOBRE EDUCACIÓN.

▶ Educasites.

Guía de recursos sobre portales educativos.
www.educasites.net/portales_educativos.htm



▶ Eledigoras.

Guía de recursos sobre portales educativos y otros recursos (bibliotecas, revistas, etc.)
www.eldigoras.com/ling01basa14.htm



▶ Maestroteca

Conta cun directorio interesante de enlaces sobre Ed. De Adultos, n.e.e., programas didácticos, etc.
www.maestroteca.com



▶ M.E.C.

Guía de recursos para la investigación educativa.
www.mec.es/cide/investigacion/recursos/buscadores/



▶ Guía de recursos educativos

Guía de recursos educativos elaborada pola Xunta de Andalucía en formato pdf.
http://averroes.cec.junta-andalucia.es/publicaciones/valores/guia_recursos_educativos.pdf



▶ Educación para a paz

Guía de recursos sobre educación intercultural, educación para a paz, temas transversales, etc. Enlaces de boa calidade.
<http://es.geocities.com/educaenvalores/paz/internet/guiaec/index2.htm>



▶ DOCE

Base de datos con documentación sobre educación.
www.eurosur.org/DOCE/



Recursos diversos

Guía de recursos sobre interculturalidad, Coeducación, Novas Tecnoloxía, Comunidades de aprendizaxe, etc.
www.cgt.es/fedens/recursos.html#RECURSOS%20EDUCATIVOS%20EN%20LA%20RED

ICE

Guía de recursos sobre educación elaborada polo Instituto de Ciencias da Educación. Ten direccións moi interesantes.
http://iceusc.usc.es/outraspaxinas/guiainternet/tr_educativos.htm



PROXECTOS E XOGOS EDUCATIVOS NA REDE


AdInfinitem

Páxina de Santillana para nenos con xogos e actividades.
www.santillana.es/AdInfinitem/index.htm



Aprender a aprender

Páxina adicada a técnicas e estratexias sobre aprender a aprender.
www.xtec.es/~cdorado/cdora2/esp/



Aula infantil

Páxina web que pretende ser un punto de encontro entre nenos, pais e educadores. Conta cun buscador de centros educativos e de organismos e institucións relacionados coa educación infantil. Tamén conta con área de recursos, de lexislación e de formación.
www.aulainfantil.com



Britkid.

Páxina en inglés que forma parte do proxecto Eurokid para a educación multicultural.
www.britkid.org/



Ciberalia

Páxina dos Centros educativos para as novas tecnoloxías promovido pola Caixa Galicia
www.ciberalia.com



Conectate, construye, innova!.

Proxecto educativo do Banco Mundial sobre a diversidade cultural y la construcción del desarrollo sostenible.
www.worldbank.org/depweb/spanish/quizzes.html



Educalia.

Página educativa da Fundación la Caixa. Xogos e actividades on-line. Conta con programas educativos moi interesantes: educación para a saúde (sida), coñecer Europa na idade media, Europark, Museo das Ciencias, etc.
www.educalia.org/index_edu.html





Educaterra.

Sección do portal educativo de Terra adicado a os máis novos. Conta unha batería de xogos interesantes de divertidos.

www.educaterra.com//menores12/jsp/inicio.jsp?idapr=27_esp_2_255_

Educación en la red.

Proxecto educativo dirixido á educación para o desenvolvemento.

www.fuhem.es/CIP/EDUCA/



Educared.

Programa de facilita o uso educativo da novas tecnoloxías.

www.educared.net

Museo de la Ciencia.

Museo Interactivo de la ciencia con actividades, juegos, simulaciones, aventuras gráficas, etc.

www.nuevomuseodelaciencia.com/



Pequeñas ideas para as familias.

Xogos, actividades e ideas para a educación dentro da familia.

www.urbanext.uiuc.edu/nibbles_sp/succeed-learning-games-sp.html

Pequeño Thyssen.

Páxina do Museo Thyssen adicada aos máis novos con xogos de aventuras, laboratorio, galería de arte, etc.

www.museothyssen.com/pequenothyssen/default.html



River Deep.

Páxina en inglés con múltiples xogos educativos dos que se pode ver unha demo dos mesmos. Ten cursos pensados para rapaces dende os 0-3 anos ata os 12-15 anos. Pódevos dar moitas ideas.

www.riverdeep.net/for_students/for_students.jhtml

Rompecocos.

Páxina con actividades, enigmas, xogos, etc.

www.rompecocos.com



Xogos para o educador

Web na que se mostran diversos xogos para xogar on-line e outros para xogar en grupo. Xogos de presentación, cooperación, xogos de coñecemento, do fomento da confianza....

www.educadormarista.com/juegos/



REVISTAS DIXITAIS SOBRE EDUCACIÓN

BILE

Boletín da Institución Libre de Enseñanza
www.fundacionginer.org/boletin/boletin.htm



Comunidad Escolar.

Periódico Dixital de Información Educativa.

<http://comunidad-escolar.pntic.mec.es/686/portada.html>

Cuadernos de Pedagogía.

Versión on-line da revista.

www.cuadernosdepedagogia.com/






Infancia y aprendizaje:

Revista de estudios e investigación especializada en traballos relacionados coa psicoloxía do desenvolvemento e a educación.
www.ub.es/psicolog/infancia/inf_apr.html



Relieve.

Revista electrónica de investigación e avaliación educativa. Publicada pola Asociación Interuniversitaria de Investigación Pedagóxica.
www.uca.es/RELIEVE/



Revista Educación Social.

Revista on-line de intervención socioeducativa.
www.peretarres.org/revistaeducacionsocial/index.html



RIE.

Revista de Investigación Educativa. Permite a consulta dos resúmenes dos artigos.
www.um.es/~depmed/RIE/

Revista española de Pedagogía.

Revista fundada polo Consello Superior de Investigacións Científicas. Permite revisar os sumarios dos últimos números publicados e suscripción on-line
www.ucm.es/info/quiron/rep.htm

Senderí.

Boletín de educación en valores que aporta diversos recursos para o traballo na educación en valores.
www.senderi.org/sendcast/index.html



Heuresis.

Revista electrónica de investigación curricular e educativa. Buscarse o intercambio de ideas na rede sobre novos enfoques na educación.
www2.uca.es/HEURESIS/



Revelec.

Revista electrónica de Tecnoloxía Educativa. Contén diversos estudos sobre a tecnoloxía na educación.
www.uib.es/depart/gte/revelec.html



ORGANISMOS OFICIAIS E OUTROS ORGANISMOS



Canal solidario.

Web adicada ao mundo da solidariedade e o voluntariado. Pódese atopar información diversa e un amplo directorio de direccións a ONG's
www.canalsolidario.com



Consejería de Familia e Promoción del Empleo, Muller e Xuventude

Web da Consellería
www.xunta.es/conselle/fm/index.htm

Centro Reina Sofía para o estudo da violencia.

Na sección de recursos conta cun listado interesantes de enlaces web sobre nenos, muller, ancianos, escola, minorías, etc.
www.gva.es/violencia/





Enredate con UNICEF.

Proxecto educativo de UNICEF sobre a educación para o desenvolvemento.
www.enredate.org



Fundación La Caixa..

Pretenden promover o acceso ao coñecemento dende unha perspectiva global e fomentar un cambio de actitudes e valores respecto ao entorno.
www.lacaixa.es/fundacio/indexcas.htm



Fundación Once.

Web oficial da Once. Pódese acceder a diversos recursos para a atención das necesidades ed. Especiais.
www.fundaciononce.es/



Instituto de la Mujer.

Conta cunha sección de recursos educativos
www.mtas.es/mujer/



Haces falta.

Web solidaria que promove a participación no voluntariado, mostra ofertas e demandas de voluntarios, experiencias, etc.
www.hacesfalta.org



MEC.

Páxina do Ministerio de Educación e Ciencia.
www.mec.es



Mundo solidario.

Nesta web tamén podemos atopar un amplo directorio de ONG's e fundacións adicadas ao mundo da solidariedade e o voluntariado.
www.mundosolidario.org

Servicio Galego de Igualdade

Web oficial do SGI
www.xunta.es/auto/sgi/index.htm



Las Escuelas Universitarias de Trabajo Social y Educación Social Pere Tarrés de la Universidad Ramon Llull, te ofrece sus másters y postgrados en Acción Social:

Másters:

- **Economía Social Europea** -1a edición-. (El curso se realiza en francés, modalidad semipresencial)

Másters y Postgrados:

- **Resolución de Conflictos**
- **Formación de Asesores Personales** (especialistas en counselling)
- **Intervención socioeducativa** con infancia, adolescencia y juventud en riesgo o conflicto social (modalidad semipresencial)

Postgrados:

- **Especialista Universitario/a en Gerontología:** intervención socioeducativa con personas mayores -1a edición-
- **Dirección y Gestión de organizaciones no lucrativas y de economía social** (modalidad a distancia)
- **Intervención Social en el ámbito de la salud mental**

■ Experto/a en Inserción Laboral

- **Trabajo Social y Educativo con Inmigrantes**
- **Teatro Social e intervención socioeducativa**
- **Gestión de Residencias y servicios para las personas mayores** (contempla modalidad a distancia)
- **Animación Estimulativa:** técnicas de intervención con personas mayores, discapacitados y salud mental (modalidad a distancia)
- **Violencia Familiar:** análisis y abordaje desde la intervención multidisciplinaria
- **Mediación Familiar** -1a edición- (modalidad a distancia)

Información y matriculaciones Centro de Postgrado Pere Tarrés (URL)

Sarrià, 37 - 08021 Barcelona
Tel. 00-410 18 02 Fax 93 366 85 09
sio@peretarrés.org www.peretarrés.org/formation

FUNDACIÓ PERE TARRÉS
CENTRO UNIVERSITARI DE
TRABAJOS SOCIALES



Universitat Ramon Llull

Barco de papel

Esta sección tentará recoller información sobre: cursos a realizar, congresos, seminarios, campañas, libros novos que saen á venda relacionados cos distintos ámbitos da Educación Social, páxinas web interesantes, etc...

Por este motivo, animámosvos a participar mandando ó CESG información que teñades da vosa man e que sexa interesante dar a coñecer.

A continuación ofrecémosvos unha selección BIBLIOGRAFIA A INCLUIR:

- Ortega Esteban, J. (coordinador) Educación Social Especializada. Ed. Ariel, Barcelona, 1999
- Porto Alegre (Foro Social Mundial 2002). Una Asamblea de la humanidad. AAVV. Ed. Icaria, 2002
- Navarro, V. Bienestar Insuficiente, democracia incompleta. Ed. Anagrama, Barcelona, 2002
- Cyrulmik, B. La resiliencia: una infancia infeliz no determina la vida. . Ed Gedisa Barcelona 2002
- Cabello Martinez, Maria Josefa. Educación Permanente y Educación Social, controversia y compromiso. Edic Aljiba Malaga 2002.
- Núñez. Violeta. La educación en tiempos de incertidumbre : las apuestas de la Pedagogía Social. . Ed. Gedisa Barcelona 1998
- Panchon Iglesias, Carme Manual de Pedagogía de la Inadaptación Social. Ed. Dulca Ban (1998)
- Riera Romani. Concepto, Formación y Profesionalización de el Educador Social, el Trabajador Social y el Pedagogo Social, un enfoque interdisciplinar. , 1998
- Rubio Herrera, Ramona, Cabezas Caseda J.L. En busca del color, calor y el sentido de la vejez. Ed. Unis Granada 2001
- Soldevila benet, Auna (2003) Los centros de día para personas mayores. Editorial Universidad de Lleida (2003)
- Torres Santome, X. Educación en tiempos de neoliberalismo. Ed Morata Madrid (2001)
- Willis P. Aprendiendo a trabajar, como los chicos de clase obrera consiguen trabajos de clase obrera. Ed. Aldal Univerditaria Madrid 1998.

La opción que más le favorece



Servicios financieros a la medida de cada profesional

Permanecer a su Colegio Profesional le ofrece la posibilidad de disfrutar de las ventajas de la oferta financiera de **tecnocredit**.

Un conjunto de productos y servicios, concebidos para dar respuesta a sus necesidades personales y profesionales, que se actualizan y mejoran constantemente de acuerdo con la evolución del mercado financiero.

Se benefician de **condiciones preferentes** (exención de comisiones, tipos de interés reducidos en préstamos y créditos) con la garantía y solvencia del nuestro grupo bancario español: el **Grupo Banco Sabadell**.



Servicios financieros en condiciones exclusivas que se enmarcan dentro del convenio de colaboración con el Colegio de Educadores Sociales de Galicia.

Infórmese en el **902 323 222** o en cualquier oficina del Banco Sabadell.

Servicios financieros autorizados por
Banco Sabadell
www.bancosabadell.com

Buzón opinable



BUZÓN OPINABLE

Esta sección da revista está pensada para reflectir as diferentes opinións que teñades sobre temas de actualidade, feitas que dalgunha maneira afectan á nosa profesión; para facer suxerencias; para facer críticas (...se poden ser constructivas mellor...); para poñer esa frase célebre que tanto nos gusta e máis cousas que se vos ocorran. É dicir, unha especie de "cartas ó/a...á revista". En definitiva, un espazo aberto de expresión que agardamos vos anime a participar.

- "Os e as cobardes morren moitas veces antes de morrer" **Mahatma Gandhi**
- "Ser original es un mérito; quererlo ser, un defecto" **Alain Chauvilliers**
- "Pídelles consellos ós vellos e ós xoves, pero segue o teu propio sentido común" **Proverbio árabe**
- "É mellor arriscar a salvar a un culpable que condenar a un inocente" **Voltaire**
- "É máis doado matar que persuadir, vencer que convencer" **Anónimo**
- "Nunca se entra, por violencia, dentro dun corazón" **Molière**
- "Os homes de estado son coma os cirurxanos: os seus erros son mortais" **François Mauriac**

Posdata: Para quen o queira entender...

"Debe ser cousa boa cegar a grande. Os grandes son donos de sí e do mundo. Fan e desfán, gobernan, arman ó melro con guerras, negocios e canta tranguallada hai. Pero, como dí a madriña, "non sempre é ouro o que reloce". Os grandes teñen as súas tristuras e desacougos. E ás veces inda nos gañan en rapazadas. De non ser así non se encabuxarían cando lles sinalamos algo que está mal.

Se pelexamos entre nós, métense eles. Non se decatan de que as nosas lirotas son namáis enredos. Rabuñámonos agora e de aquí a un chisco estamos amigos outra vez. Fan de xuíces e zoscan a quen cadra e como cadra, sen averigüacións. As nosas mans son pequenas e non magoan; as deles pesan, fan doer. De aprenderen de nós non irían á guerra. Na guerra mátanse uns ós outros sen saber por qué. Disque guindan casas, pontes, ie que sei eu!. Semilla un xogo. Pero un xogo con sangue e morte. **E despois falan de educar ós rapaces**". (*Memorias dun neno labrego*-Xosé Neira Vilas-).

Unha canción de Celso Emilio Ferreiro dí:

"O vello cantaba
Unha lembranza.
O mozo cantaba
Unha esperanza.
O neno cantaba
Unha alabanza.
Pobo meu: pois que cantas,
Érguete i anda."

Pois ben, facendo uso das súas verbas, aproveito para adicarllela a a tódolos galegos e galegas que souberon ergue-la súa voz de protesta ante unha catástrofe tan terrible coma a que azotou as nosas benqueridas e privilegiadas costas. Que **NUNCA MÁIS** nos calen!!

Xela Rivas



Benvid@s

www.colexioeducadores.com